



## 1. DATOS DA ACTIVIDADE

**NOME:** Xornada Operacións de fin de exercicio nas entidades locais. Elaboración das contas anuais.

**CONVOCATORIA:** Xornada Operacións de fin de exercicio nas entidades locais. Elaboración das contas anuais.

**GRUPO:** Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

**ÁREA:** Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas

<b>CUALIFICACIÓN:</b>	ASISTENCIA	<b>PLAN:</b>	FONDOS EGAP	<b>HORAS:</b>	6
<b>ADMINISTRACIÓN:</b>	LOCAL	<b>ESTADO:</b>	CONVOCADO	<b>ANO:</b>	2024
<b>MOD.IMPARTICIÓN:</b>	PRESENCIAL	<b>TIPOLOXÍA:</b>	DIVULGACIÓN	<b>EDICIÓNS:</b>	1

**DATA MATRÍCULA:** Do 20/11/2024 - 09:00h ao 27/11/2024 - 23:59h

## 2. DESCRICIÓNS

### DESCRICIÓN CURSO

A presente xornada ten por obxecto analizar, desde unha perspectiva práctica, as operacións de contabilidade pública que realizan as entidades locais no fin do exercicio orzamentario, tanto desde un punto de vista económico como orzamentario e patrimonial.

### DESTINATARIOS

Persoal empregado público da Administración local con habilitación de carácter nacional que pertenza á subescala de Intervención-Tesouraría e Secretaría-Intervención, así como persoal técnico das entidades locais que realice funcións relacionadas co contido da xornada.

### PROGRAMA

- Operacións previas á regularización e peche.
  - Reclasificación das operacións.
  - Reclasificacións non formalizadas.
  - Axustes de periodificación.
  - Correccións valorativas.
  - Axustes de activos e pasivos financeiros.
  - Valoración de existencias.
  - Operacións de exercicio derivadas dos procedementos especiais.
  
- Operacións de fin de exercicio.
  - Regularización do orzamento de ingresos.
  - Regularización da contabilidade da xestión de recursos por conta doutros entes públicos.
  - Cálculo dos resultados económico patrimoniais.
  - Regularización dos gastos e ingresos imputados ao patrimonio.
  
- Operacións de peche.
  - Peche do orzamento de gastos.
  - Peche do orzamento de ingresos.
  - Peche da contabilidade económico patrimonial.
  - Cambios de criterios contables, erros e estimacións contables.
  - Feitos posteriores ao peche.

### CRITERIOS DE SELECCIÓN

A admisión levarase a cabo de acordo co indicado na base terceira desta convocatoria respecto ás persoas destinatarias desta actividade. A orde de selección virá determinada pola data e hora de presentación das solicitudes ata completar o número de prazas

### DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

**IMPORTANTE !!:**

Unha vez formalizada a inscrición a traves da área de matrícula, de acordo co establecido na base sexta da convocatoria DOG, todas as persoas solicitantes deberán enviar ademais, antes de que finalice o prazo de inscrición, un correo electrónico dirixido a [novas.egap@xunta.gal](mailto:novas.egap@xunta.gal) achegando calquera tipo de documentación (cabeceira de nómina, toma de posesión, nomeamento, certificado asinado por quen corresponda...) na que figure e se acredite que a persoa solicitante cumpre os requisitos indicados na base terceira (persoas destinatarias) da convocatoria DOG: persoal e funcións relacionadas.

Poderán ser excluídas as solicitudes daquelas persoas que non enviasen a documentación acreditando o cumprimento dos requisitos para ser persoa destinataria desta actividade.

## 3. DATOS EDICIÓNS

### SANTIAGO

**LOCALIDADE:** Santiago

**INICIO / FIN:** 04/12/2024 a 04/12/2024

**NUM. PRAZAS:** 80

**ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

**DATA EXAME:**

### DOCENTES NOMEADOS

Francisco López Corrales

### LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

**AULA 1 (COLMEIRO):** O día 04 de decembro de 10:00 a 14:00. O día 04 de decembro de 16:00 a 18:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA